

Ante esta situación tan insólita que estamos a vivir e esperando que todos/as vós atopedes ben, preséntome como faría se o curso fose presencial ;-).

O meu nome é Esperanza López Cordido: dende fai xa 23 anos son orientadora educativa nun instituto da provincia de Coruña, entre as miñas prioridades está traballar por unha convivencia positiva nos centros, reflexionado sobre a nosa práctica docente e dando un lugar importante o alumnado para que esto sexa posible.

O longo das distintas diapositivas, tratei de facer un resumo de como cada un de nós dende a nosa práctica podemos ir mellorando pouco a pouco, as veces dun xeito individual e outras veces traballando en equipo.

Despois deste primer ano (tan atípico) que levades como docentes xa tedes unhas breves pinceladas de como é a vida nun centro educativo, coas súas cousas positivas e outras que se poden cambiar. Espero que a experiencia ata o momento fose moi positiva e de aquí en adiante quedavos ensinar e aprender moito. Benvidos/as a esta profesión!.

TAREFA A DESENVOLVER:

Analise da convivencia no teu contexto de traballo e propostas de mellora.

É necesario que fagades unha análise mirando con “ollos de quen empeza”, que foi o primeiro que observachedes, que vos chamou atención (positivo e negativo): que dinámicas de centros estaban establecidas, que programas se están levando a cabo , hai coordinación e traballo en equipo no centro... (**o centro real**)

Propostas de mellora: co alumnado, co profesorado, coas familias..., que pasos darías para que estas propostas se pudesen levar a cabo. (**o centro ideal**)

Contexto (tipo de centro, número de alumnos/as, plantilla de profesores/as, zona onde está ubicado, relacións coa comunidade educativa...)

A extensión da tarefa non máis de 3 folios, tratase dunha análise brev e de dar pinceladas sobre pautas para mellorar a convivencia no voso centro.

Tedes ata o 31 de maio para facer a entrega en formato pdf:

ecordido@edu.xunta.es

Identificando nome, apelido e centro de profesores onde estades facendo o curso

CFR Ferrol
CFR Coruña

